
CLUB BÉISBOL GALICIA

CAPITULO I

NORMAS XERAIS.

Artigo 1º.-

O **Club Béisbol Galicia** é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten coma obxecto exclusivo o fomento e a práctica da actividade física e deportiva sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.-

O **Club Béisbol Galicia** practicará como principais modalidades deportivas o béisbol e o sófbol e afiliarse ós organismos organizadores deste deporte en Galicia, solicitando a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade ca Lei Xeral de Deporte de Galicia.

Artigo 3º.-

O **Club Béisbol Galicia** sométese ó réxime de presuposto e patrimonio propio, cas limitacións marcadas nas Leis vixentes e tendo como principio o carácter non lucrativo.

Artigo 4º.-

O **Club Béisbol Galicia** terá a súa sé social en:

15005 A Coruña.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS.

Artigo 5º.-

O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender a admisión de socios cando así o esixa o funcionamento e organización do Club. Os socios poderán ser de número, honorarios, simpatizantes, colaboradores, aspirantes e familiares.

Artigo 6º.-

Son **socios de número** tódalas persoas maiores de idade que satisfagan as cotas sociais establecidas e acaden esta categoría.

Son **socios honorarios** aquelas persoas a quenes a Asemblea Xeral confira tal distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son **socios simpatizantes** aqueles que satisfacen unha cuota social diferente á dos socios de número e participan nas actividades do Club.

Son **socios colaboradores** aquelas persoas físicas ou xurídicas que axuden o desenvolvemento das actividades do Club sen participar directamente nas súas actividades ou funcionamento.

Os menores de idade clasificaranse coma **socios aspirantes**, participando nas actividades do Club.

Son **socios familiares** aquelas persoas relacionadas cun dos socios de número ou honorario que dependan economicamente dos mesmos.

Artigo 7º.-

*1) Os **socios de número** terán os seguintes dereitos:

a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos do Club,
b) Esixir que o Club se axuste as Leis vixentes que lle afecten e ós presentes Estatutos.

c) Afastarse libremente do seu seo,
d) Coñecer as actividades do Club e examinar a súa documentación previa petición razonada ó Presidente.

e) Expor libremente as súas opinións no seo do Club.
f) Ser elector e elexible para os orgaos de representación e goberno do Club.

*2) Son obrigacións dos **socios de número**:

a) Abona-las cotas que esixa os órganos de goberno do Club,
b) Contribuir ó sostenemento e difusión da actividade do Club.
c) Acatar cantas disposicións dicten os órganos de goberno do Club para o bó goberno da sociedade.

*3) Os **socios honorarios** terán como dereitos e deberes os mesmos que os de número salvo o pago de cotas do que estarán libres.

*4) Os **socios simpatizantes, familiares e aspirantes** terán os mesmos dereitos e obrigacións que os de número salvo o dereito a ser elector e elexible para os orgaos de representación e goberno do Club.

*5) Os **socios colaboradores** terán dereito a disfrutaren daqueles servizos que determine a Asemblea Xeral para cada caso.

Artigo 8º.-

Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas,
- Solicitude por escrito ó Presidente.
- Satisfacer a cuota de ingreso correspondente, no caso de existir.

Artigo 9º.-

A condición de socio perdese por:

- Vontade propia,
- Falla do pago das cotas previo requirimento,
- Por acordo da Asemblea Xeral.

CAPITULO III

ORGAOS DE REPRESENTACION E GOBERNO.

Artigo 10º.-

Son órganos de representación e goberno deste Club a Asemblea Xeral e o Presidente.

Artigo 11º.-

O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal, convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos dos mesmos. Será elexido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada catro anos.

O Presidente cesará por:

- Transcorre-lo prazo polo que foi elexido.
- Demisión.
- Falecemento ou incapacidade para o cargo.
- Aprobación dunha moción de censura na Asemblea Xeral.

Artigo 12º.-

Os órganos de Goberno poderán acordar a existencia dunha Xunta Directiva para asistir ó Presidente que estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte e da que formarán parte un Secretario e un Tesoureiro.

O Secretario coidará a documentación do Club e a súa marcha administrativa incluíndo o libro de socios e o de actas. O Tesoureriro asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade. Ademáis o Tesoureiro deberá

formalizar, durante o primeiro mes de cada ano un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo Presidente. A Xunta Directiva non terá competencias propias e exercerá por delegación as que lle encomende o Presidente que poderá revocalas en calquera momento.

Artigo 13º.-

A Xunta Directiva será convocada polo Presidente con dous días de antelación como mínimo á data de celebración.

Quedarán validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a maioría dos membros e en segunda convocatoria se asiten tres membros máis o Presidente. Aínda sen existir convocatoria quedarán validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros.

Artigo 14º.-

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva se tomarán por maioría simple dos membros presentes salvo naqueles casos que legal, estatutaria ou regulamentariamente se determinen. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento, con forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva ou ante os órganos competentes das federacións, se fora o caso.

Artigo 15º.-

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do **Club Béisbol Galicia** e estará integrada por tódolos seus socios de número e honorarios.

As Asembleas Xerais tanto ordinarias como extraordinarias quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria será indiferente o número de asociados presentes. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e un máximo de vinte.

Artigo 16º.-

A Asemblea Xeral convocarase polo presidente a iniciativa propia ou a petición dun vintecinco por cento, ó menos, dos socios de número.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

* Aprobación do presuposto para o vindeiro ano e aprobación das contas do anterior.

* Proxectos e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.

* Proposicións que formulen os socios asinadas, ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario para modificar Estatutos, elección do Presidente e para todo aquilo que por Lei sexa necesario.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL.

Artigo 17º.-

O réxime documental do Club constará dos seguintes libros: socios, actas e contabilidade.

Artigo 18º.-

Os dous primeiros destes libros serán levados polo Secretario Xeral. No primeiro figurará todo-lo concerninte ós socios da entidade, data de alta e baixa, calidade..., no de Actas reflexaranse tódalas reunións das Asembleas Xerais e Xuntas Directivas.

Nos libros de contabilidade levados polo tesoureiro figurarán tanto o patrimonio coma os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos do Club, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS.

Artigo 19º.-

A Xunta Directiva poderá acordar a práctica dunha nova modalidade deportiva e creará a Sección correspondente que se afiliará ás organizacións que procedan.

CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEBEDA OU PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL.

Artigo 20º.-

O **Club Béisbol Galicia** poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial. Estes títulos serán nominativos.

Artigo 21º.-

Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto o **Club Béisbol Galicia** no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Os títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial só se poderán suscribir polos asociados e serán transmisibles unicamente entre quenese teñan a condición de socios.

Artigo 22º.-

A posesión de títulos de débeda non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme a lexislación vixente.

Artigo 23º.-

Os títulos de parte alicuota patrimonial non darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

CAPITULO VII

REFORMA DE ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE.

Artigo 24º.-

Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

O trámite administrativo será o mesmo que para a súa aprobación.

Artigo 25º.-

O Club extinguirase por acordo de a) Dous tercios da Asemblea Xeral extraordinaria convocada a tal efecto, b) sentenza xudicial e c) por outras causas legalmente determinadas. Tal acordo será comunicado ó Rexistro correspondente.

Artigo 26º.-

Disolto o **Club Béisbol Galicia** o remanente do seu patrimonio social revertirá nas entidades análogas de carácter deportivo que a proposta do Presidente aprobe a derradeira Asemblea Xeral.

DISPOSICIONS DERRADEIRAS

Primeira.-

A Asemblea Xeral é o orgao deste Club competente para determinar sobre todo aquilo que se refira á interpretación dos presentes Estatutos.

Segunda.-

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó disposto no Título VIII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Ademáis a Asemblea Xeral poderá aprobar un regulamento de réxime interior que non poderá entrar en contradición cos presentes Estatutos.

Terceira.-

Os directivos responderán fronte os socios, ó club ou terceiros por culpa ou negligencia grave na súa xestión da entidade.